

Xosé Abeal, con a penas dous libros publicados, dosifica as súas achegas, pero non defrauda. É unha voz digna de estima. A vivencia amorosa como refuxio e salvación é o tema central do poemario "Ave de luz"

## "Ave de luz"

O novo libro de poesía de Xosé Abeal retoma o tema amoroso

XULIO VALCÁRCEL

O tema amoroso, tantas veces tratado e nunca agotado, exprésase a través dos elementos naturais no novo libro de Xosé Abeal, "Ave de luz" (Espiral Maior, 2008). A exaltación da amada faise con total entrega, sen reservas, mediante unha longa enumeración de características e atributos que sorprenden e asombran por variados e imaxinativos: "ingrávida folerpa, graña frágil, coral nas augas claras, bolboreta de cen ventos, avefría en brisa, cristal de himnos, pel de fino cisne, pardela polo vento..." son algúns exemplos dos moitísimos que aparecen espaxados por uns versos transidos de emoción e de beleza. A imaxinación posta ao servizo da doxura e da expresión amorosa. Iso non impide a existencia dun compoñente físico, presente en todo o poemario; sensualidade que agroma en xogo coa ternura e a paixón.

Continúas son, asemade, as referencias á auga, xa sexa da fonte ou do mar, froitos, paxaros, e á luz, sobre todo á



Ilustración de Xavier Garo

luz e á claridade, como xa se adianta no título. Estamos ante un libro moi traballado, moi coidado, e ante un poeta, como ben di Xavier Seoane no prólogo, que amosa o seu dominio técnico, a súa madurez e vagaxe cultural, agasallándonos cuns textos conceptuais, de estrutura uniforme, sen exhibicións arquitectónicas nin aparentes profundidades baleiras de contido. Reflexión e celebración do encontro amoroso que se demora no entendemento, na revelación que a mesma relación suscita, como algo póstumo, destinado ao futuro, e ao mesmo tempo inédito, descubrimento que abrolla desde a inocencia. Lento fluír da vivencia que aspira á unidade ontolóxica e panteísta, cunha fonda implicación da paisaxe, buscando, no aspecto formal, á palabra esencial e chea de contido:

"Ti estás nas brisas e nas augas pura, / tamén nos sopros do aire polos ríos. / Ti estás nas brisas e nas chamuscas, / arelante no fume que se eleva, / inxel na herba, polas seivas brasa,

/ nas leiras verde, polo outono donda."

Desde un vágado quevediano que o autor expresamente invoca, non caben narcisismos nin exhibicións fraudulentas. Abeal parte da verdade persoal e trata de verquela en versos sinceros e eficaces, primando o diálogo e a relación co "ti", desde a gratitude e a xenerosidade, como expresión harmónica dun estado de ánimo, por riba da exaltación do propio devez. Tampouco hai dicotomías ou cambios de ton desconcertantes. O poeta canta cara o alto, cheo de afirmación, de positividade, dunha "alegría misteriosa" que lle fai sentir "que todo recomeza: novos días, / camiños novos, novos soños, vidas..." O amor como conforto e apoio, como salvación, sería logo o tema central do poemario. Abeal non é un poeta prolífico. "Ave de luz" é a súa segunda achega. Controla e dosifica as súas incursións editoriais. Pero non defrauda. Á marxe de oportunismos e camarillas, é unha voz valiosa, moi a ter en conta.

xulio@xulio.e.telefonica.net